**002**

- **Llugar**: Valdeferreiros, IBIAS.
- **Narrador**: Celso Otero Díaz, 74 anos (2007).
- **Recopilador**: Jesús Suárez López.
- **Grabacióis**: *A fala • A fundación de Valdeferreiros • Encontro cos lobos.*

### A fala

Nin é gayego nin é o asturiano, é así un chapurro… é o dialecto que hai, si. Más bien… si, bueno, normalmente gayego. Está la raya de Galicia aí mismo, aí. Nacín equí y equí me criéi, solo fixen o servicio militar fuera… con setenta y cuatro años que tengo.

### A fundación de Valdeferreiros

Eiquí o pueblo este… este pueblo era unha alzada, a mitá do pueblo era de un pueblo qu'hai p'abaixo, Cueya, y outra mitá do outro pueblo que queda pa este lao, A Muria, o cual, a mitá do pueblo, desde a fonte que ta no centro p'aló, pertenece á Muria, ye pr'acó á Cueya, donde os d'este lao tein o nombre de "mócaros" ya os da pr'aló "abreos". Pero ante d'eso, ante de seren alzadas había fraguas de ferreiros. Todavía esas fincas levan o nombre: Forxas. Ye eu teño arado ei cuando s'araba con ganao e saliren escorias no rego. Después foi cuando eran alzadas, que deixaban o ganado aquí e... entre eles tuveron discordias e foi cuando se fundóu o pueblo, pero todavía sigue a mitá… o sea pr'aquel lado "abreos" e pra este lado "mócaros". E na partición do monte, esta mitá non ten parte pr'aquel lao nin os d'aquel lao pra este. Eso… a fundación, por eso leva o nombre de Valdeferreiros, vaye de herreros, por aí si, tovía se aran con trator salen escorias, por eso leva o nombre de Valdeferreiros. Eso foi a fundación do pueblo. E bueno, no, yo acordo de qu'o pueblo… cuando as casas eran todas de palloza… y había calabozo… por aí aborcaron... Aquí había dúas penas, había pena másima y había a leve, ye… sigún, había unhos chismes arriba… qu'había unha alturísima… porque había unha cárcel ye calabozo, e viña o verdugo, había un verdugo aí ye coyía os tíos e faíayes tirarse, se se quedaban enganchados, quedaban libres, e o que non s'enganchaba caía embaixo e matábase. E bueno, a historia d'eso si, porque naquel tempo había muita juventú y o verdugo subía a o pueblo ye tiñan que baixalo a costiyas, dous... dous cada día. Había un rapaz fuerte y outro aí no centro

el pueblo e tocóuyes a eles, e dixo: "Esto nun pode ser". E levárono a costas hasta aí enfrente a… á cárcel da parte d'aquí, que o camín ese esiste, collérono e tirárono no suelo e déronlle un bon golpe nunhas peñas que hai; pero eles levaron tanto medo que ún marchóu prá Argentina y o qu'era familiar da… dunde nacín eu, marchóu pre Vayadoliz. Y os fiyos escribiron á casa de os meus antepasados y eran teniente d'aviación. Pero nun se soupo más nada de…

**Encontro cos lobos**

Ahora bueno, historietas tiña qu'habelas porque era… antes había muito; pero no, desde qu'eu… podo conta-lo que me pasóu a mi, por ejemplo, peró tou falando de cuando era mozo, tería vintetrés, vintecuatro anos, debe de ser polo cincuenta e oito o cincuenta nove… aparecéu por aí unha manada de lobos e… naquel... naquelos tempos pois nos pueblos había juventú e, hala, íbamos a o baile no domingo, y eu fun aí a un pueblo e tíñayes muito medo a os lobos, e viña con un mular que tiña aí de Navia de Suarna d'un… había feria, feira, e déuseye en espanta-la cabayería e... él pensóu qu'eran os lobos, qu'eran os lobos e levóu muito medo. E bueno, entoes eu fun a o baile e concidín de qu'había ún que pretendía alí unha chavala y eu tuven espera, espera… espera por él hasta que desaparecéu toda a juventú. Dous primos carnales quirían qu'eu me quedase, que a fulano que ye saliran os lobos. Entonces… amenazaba como hoi, así… pero chuviñaba un poquitín, e dixen: "No", porque si me quedo ríanse. E pre ir… atravesar por onde atravesaba, había que subir pendiente e bastante terreno, entonces eu cun máis medo que non valor echeguéime a un souto… y había unha pila de leña que levaba... levaba muitos anos e cuyín un cotón, un pao, e subín arrimado hasta un sitio que pasa un arroyo e vin unhas luces caer pa baxo. Luces, pero luces igual que se foran d'estos… un árbol de navidá, parecido, menos, pero mui parecido. Y eu se me volvía pa onde os primos, ¡menuda juerga nun tiñan comigo!, e pre siguir… ¡aquelo si qu'era serio! Pero eu arméinme de valor y entoes aí había unha parez e cuyín un par de pedras na mano e fun e peguéinye un… a primeira non, cayéu arriba no plado, pero a segunda cayéu nu medio, nu medio das luces y abríuse… ¡era unha cantidá de luces! E ¿quí era? Un tronco de figueira que taba podrido, entonces taba mui humedecido y as gotas de agua iban caendo pa baixo y eran as que facían as luces. Eu a o saber qu'era aquelo, ¡arranco!, ¡nin medo a lobos nin á raposa nin a nada!, ¡hasta aquí! Y eu tiña muito medo era da risión dos primos carnales, que todavía viven, e nun aparecéu tal lobo nin nada, nada.



002.
**CELSO OTERO DÍAZ**
Valdeferreiros, IBIAS
Foto: Jesús Suárez López